



MES DE XULLO

Resumo deportivo CP PENEDO

Menudo mes de xullo do Club de Piragüismo Penedo!!!

Este mes de xullo estivo cargado de actividade do Club Piragüismo Penedo, asistindo a diversas probas autonómicas, realizando actividades de promoción e adestrando en León para o campionato de España que terá lugar en Sabero. Ademais, a nosa padexeira Ainhoa Lameiro competiu no mundial celebrado en Bratislava representando ao equipo nacional español.

Por outra banda, os nosos equipos masculinos e femeninos de kayakpolo competiron en Caldas de Reis no segundo fin de semana de xullo.



Competición do noroeste ibérico en Sabero (León)



O primeiro fin de semana de xullo o club desprazouse co equipo de maiores a Sabero (León) onde tivo lugar a segunda proba da liga do noroeste ibérico. Esta proba foi, ademais, un antecedente fenomenal de cara ao campionato de España que terá lugar o primeiro fin de semana do mes de agosto no mesmo sitio.

A nivel individual, case todos os nosos palistas obtiveron unha medalla destacando os seguintes resultados por palista:

- Marcos Fortes Pereira: 2º clasificado en C1 Home Senior.
- Ainhoa Lameiro Rodríguez: 1ª clasificada tanto en K1 como en C1 Muller Junior.
- Borja González Martínez: 2º clasificado en K1 e 1º clasificado C1 Home Cadete.
- Iago Varela Muñoz: 3º clasificado en K1 e 7º clasificado en C1 Home Cadete.
- Daniel Pérez Cortegoso: 8º clasificado en K1 e 2º clasificado en C1 Home Cadete.
- Daniel Núñez Reint: 2º clasificado en K1 e 3º clasificado en C1 Home Junior.
- Agoney González Suárez: 10º clasificado en K1 e 10º clasificado C1 Home Cadete.
- Miguel Ángel Lorenzo Olaya: 1º clasificado en K1 e 2º clasificado en C1 Home Junior.
- Brais Caride Rocha: 2º clasificado en C1 Home Infantil.

Ademáis destes destacados resultados a nivel individual, o club proclamouse campión da Proba.



Campionato Galego de Slalom

O segundo fin de semana de xullo tivo lugar o campionato galego de Slalom en Dumbría (A Coruña).

Nun campo de slalom exixente tanto física como técnicamente, foron obtidos a nivel individual, os seguintes resultados:

- Marcos Fortes Pereira: 1º clasificado en C1 e 4º clasificado en K1 Home Senior.

- Ainhoa Lameiro Rodríguez: 1ª clasificada en C1 e K1 Muller Junior.
- Borja González Martínez: 1º clasificado en C1 e 4º clasificado en K1 Home Cadete.
- Iago Varela Muñoz: 4º clasificado en C1 e 1º clasificado en K1 Home Cadete.
- Daniel Pérez Cortegoso: 2º clasificado en C1 e 6º clasificado en K1 Home Cadete.
- Daniel Núñez Reint: 2º clasificado en C1 e 1º clasificado en K1 Home Junior.
- Agoney González Suárez: 9º clasificado en C1 Home Cadete.
- Miguel Ángel Lorenzo Olaya: 1º clasificado en C1 e 3º clasificado en K1 Home Junior.
- Yoel Costales Besada: 1º clasificado en C1 Home Infantil.
- Hipolito Alves Domínguez: 4º clasificado en K1 Home Infantil.

Así mesmo, nesta competición fixéronse patrullas, nesta proba os palistas saen en grupos de tres recorrendo o mesmo trazado que nas categorías individuais. A clasificación da mesma é a seguinte:

Iago Varela Muñoz: 3º clasificado patrulla K1 home junior
Daniel Pérez Cortegoso: 3º clasificado patrulla K1 home junior
Borja González Martínez: 3º clasificado patrulla K1 home junior
Iago Varela Muñoz: 1º clasificado patrulla C1 home junior
Daniel Pérez Cortegoso: 1º clasificado patrullas C1 home junior
Borja González Martínez: 1º clasificado patrullas C1 home junior
Marcos Fortes Pereira: 1º clasificado patrulla K1 home senior
Daniel Núñez Reint: 1º clasificado patrulla K1 home senior
Miguel Ángel Lorenzo Olaya: 1º clasificado patrullas K1 home senior

Unha vez máis, a nivel de clubs, o Penedo mostrou o seu potencial alzándose coa vitoria contundentemente.





Torneo Liga Galega de Kayak Polo

O noso equipo feminino e masculino de kayak polo foron a un torneo a Caldas de Rey na que deixaron o noso club na 3ª posición. Destacou o equipo coa victoria ao Combarro e tan só dúas derrotas fronte ao Copacabana e o Rodeira tendo acceso finalmente ao bronce.



Campionato do mundo de Slalom junior e sub-23 celebrado en Bratislava (Eslovaquia)

A nosa padexeira Ainhoa Lameiro representou o equipo nacional español no campionato do mundo de slalom en augas bravas celebrado en Bratislava nas categorías C1 JUNIOR MULLER, K1 JUNIOR MULLER, C2 MIXTO con David Burgos así como nas patrullas 3 x C1 JUNIOR MULLER e 3 x K1 JUNIOR MULLER.



En k1 junior, desafortunadamente, Ainhoa non conseguiu o pase a semifinais despois de volcar na 1ª manga de Clasificación, na 2ª manga fixo unha boa baixada ata chegar a última porta na que penalizou con 50 segundos que a deixou fora das semifinais. En C1 junior a súa sorte cambiou e tras unha manga sólida conseguiu o seu pase a semifinais.



Na manga de semifinais, na primeira parte do circuito Ainhoa viña rebaxando o mellor tempo en 2,44 segundos do mellor tempo pero un erro na segunda parte do circuito fixo que tivera que remontar dúas portas que lle fixeron perder uns segundos que o fin foron insalvables. Dende o Piraguismo Penedo queremos destacar o Seu espírito de loita ata fin e decirlle que nos sentimos MOI ORGULLOSOS de contar con Deportistas coma ela neste Clube. GRAAAACIIIAAAS AINHOA!!

Actividade promocional nas piscinas de Salceda

Club Piragüismo Penedo

Xornada de portas abertas

- Kaiak-polo
- Slalom

Sábado 15 de Xullo
De 16:00h. a 20:00h.
Na piscina municipal
de Salceda de Caselas.

Prezo: 1€



O sábado 15 de xullo, os equipos de slalom e kayakpolo organizaron coa colaboración do excelentísimo concello de Salceda unha xornada de portas abertas co obxectivo de promocionar a actividade do club. Todos os cativos que accederon as piscinas tiveron a oportunidade de probar unha piragua de slalom e de kayakpolo.



A xornada foi un éxito sendo máxima a asistencia dos nenos de Salceda.

Copa de España xóvenes promesas Sort

No terceiro fin de semana do mes de xullo, o club organizou dúas expedicións desprazando polo territorio español a un total de 22 padexeiros. Unha das expedicións foi a formada polo equipo

dos máis pequenos a Sort mentres que a outra desprazaría a Sabero, León, o equipo dos maiores co obxectivo de preparar o campionato de España que terá lugar alí.

O xoves pola tarde puxo rumbo a Sort o equipo de pequenos. Aquí temos unha foto do equipo unha vez chegado o camping



O venres foi día de adestramentos no río Noguera Pallaresa. O sábado pola mañá foi cando deu comezo a competición.

Nun recorrido exigente e técnico a nivel individual compre destacar os seguintes resultados:

- Brais Caride Rocha: 4º clasificado en C1 e 14º clasificado en K1 Home Infantil A.
- Yoel Costales Besada: 5º clasificado en C1 e 16º clasificado en K1 Home Infantil A.
- Hipolito Alves Domínguez: 6º clasificado en C1 e 12º clasificado en K1 Home Infantil A.
- Selena Fernández Fernández: 7ª clasificada en K1 e 4ª clasificada en C1 Muller Infantil A.
- Yurena Juste Valenzuela: 8ª clasificada en K1 e 3ª clasificada en C1 Muller Infantil A.
- Nicolas Sampayo Besada: 10º clasificado en C1 e 22º clasificado en K1 Home Infantil B.
- Joaquín Tajés Ferro: 11º clasificado en C1 e 23º clasificado en K1 Home Infantil B.
- Hugo Ricón Carballido: 13º clasificado en C1 e 24º clasificado en K1 Home Infantil B.

O club resultou 4º clasificado ao fin da xornada sendo o mellor club galego da competición.

[Adestramentos no río Esla en Sabero para o campionato de España](#)

Mentres os máis pequenos competiron en Sort, o equipo dos maiores desprazouse a Sabero (León) co obxectivo de preparar o campionato de España que terá lugar alí o primeiro fin de semana de agosto.



Ao longo de tres días fixéronse diversas sesións co fin de conseguir obter boas sensacións de cara ao campionato e España. Na mañá do sábado foi feito, xunto aos padexeiros do CAR de León, un simulacro de competición acadándose bos tempos e percorridos bastante limpos en canto a penalizacións.

O Próximo mes de agosto

A actividade non para e o próximo mes de agosto son moitas e moi importantes as citas as que asistirá o piragüismo Penedo:

- Campionato de España de Slalom Olímpico en Sabero (León)
- Copa de España de Xóvenes Promesas (Dumbria)
- Torneo de Kayak Polo “Virxe da Rocha”
- Torneo de Kayak Polo en Cangas
- Copa Galega de Promoción de Slalom en Monforte
- Campionato de España de Xóvenes Promesas en Arfa (Lérida)